

Técnico/a Superior en Laboratorio de Diagnóstico Clínico

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contido teórico práctico da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Seleccione a resposta correcta en relación aos granulocitos:

- A) A maior parte dos granulocitos son neutrófilos.
- B) A súa mobilidade limitada non lles permite pasar da circulación capilar aos tecidos.
- C) Os granulocitos non constitúen a primeira liña de defensa contra microorganismos invasores.
- D) A e C son correctas.

2. A inmunidade adquirida:

- A) Non é conxénita.
- B) Os seus rasgos característicos son a capacidade de aprender, adaptarse e olvidar.
- C) As características dos linfocitos que median nesta resposta son: especificidade e diversidade, memoria e falta de reactividade fronte ao propio (tolerancia do propio).
- D) A e C son correctas.

3. Das seguintes, sinala a opción correcta sobre o crioprecipitado:

- A) É a fracción das proteínas plasmáticas que son insolubles en frío.
- B) Prepárase mediante a desconxelación (4°C a 6°C) dunha unidade de plasma fresco conxelado.
- C) Tras eliminar o sedimento, volvemos a conxelar o sobrenadante a temperaturas inferiores a 30°C durante como máximo un ano.
- D) A e B son correctas.

4. O baixo reconto de plaquetas e a disfunción plaquetaria:

- A) Causan sangrado na pel como último signo.
- B) As enxivas sangran e é posible que se detecte sangue nas feces e nos ouriños.
- C) As persoas que teñen moi poucas plaquetas nunca perden sangue no tracto dixestivo ou sofren unha hemorraxia cerebral.
- D) Os períodos menstruais cursan con pouco sangrado.

5. Cal das seguintes afirmacións non é correcta respecto ao VLDL?

- A) Sintetízase no fígado.
- B) Ten unha densidade moi baixa.
- C) Transporta principalmente triglicéridos exógenos.
- D) Contén apo CII.

6. Como se denomina a presenza de graxas nas feces?

- A) Leucorrea
- B) Melenas
- C) Esteatorrea
- D) Amenorrea

7. Unha acidose respiratoria presenta:

- A) Descenso de pH e descenso de pCO₂.
- B) Aumento de pH e descenso de pCO₂.
- C) Descenso de pH e aumento de pCO₂.
- D) Aumento de pH e aumento de pCO₂.

8. Os medios de cultivo que se utilizan para inhibir por completo o crecemento de bacterias distintas das que se queren illar, chámanse:

- A) Medios de multiplicación.
- B) Medios de diferenciación.
- C) Medios selectivos.
- D) Medios de enriquecemento.

9. Cal das seguintes características é propia do control de calidade externo?

- A) Emprégase material con concentración coñecida e obtense un resultado inmediato.
- B) Determínase en intervalos longos de tempo e compárase con outros laboratorios.
- C) Aplícase de forma inmediata para corrixir erros en tempo real.
- D) Non é necesario procesalo nas mesmas condicións que as mostras de pacientes.

10. Que proba se realiza como "screening" para o cancro colorrectal na poboación entre 50 e 69 anos?

- A) Calprotectina fecal
- B) Sangue oculto en feces (SOF)
- C) Tinción con azul de metileno
- D) Coprocultivo

11. Cal de estes factores afecta á validez dun antibiograma disco-placa?

- A) Densidade do inóculo
- B) Temperatura de incubación
- C) Tempo de incubación
- D) Todas son correctas

12. A única enzima cuxa determinación en ouriños ten utilidade na práctica clínica habitual é:

- A) Amilasa.
- B) Lactato deshidroxenasa.
- C) Lipasa.
- D) Fosfatasa alcalina.

13. Sobre a anemia hemolítica autoinmunitaria, indique a resposta correcta:

- A) Algunhas persoas non presentan síntomas, mentras que outras están cansas, pálidas e poden presentar ictericia ou agrandamento do bazo.
- B) As análises de sangue utilízanse para detectar a anemia e determinar a causa da reacción autoinmunitaria.
- C) O tratamento consiste en corticoesteroides ou outras drogas que inhiben o sistema inmunitario e, ás veces, unha esplenectomía (extirpación cirúrxica do bazo).
- D) Todas son correctas.

14. Os microorganismos que son capaces de crecer en presenza de osíxeno e en anaerobiose, chámanse:

- A) Aerobios estrictos.
- B) Anaerobios estrictos.
- C) Anaerobios facultativos.
- D) Microaerófilos.

15. É unha causa de alcalose respiratoria:

- A) Hiperventilación por ansiedade.
- B) EPOC.
- C) Vómitos.
- D) Bronquite crónica.

16. O principio fundamental no que se basea a fotometría de chama é:

- A) A absorción de radiación polos electróns dun átomo no seu estado fundamental.
- B) A emisión de radiación luminosa por electróns excitados ao regresar ao seu estado inicial.
- C) A dispersión da luz nun prisma para obter un espectro continuo.
- D) A fluorescencia inducida por radiación ultravioleta en átomos excitados.

17. O uso principal da adenosina desaminasa (ADA), no líquido pleural é:

- A) Diferenciación entre derrames pleurais transudativos e exudativos.
- B) Diagnóstico de tuberculose pleural.
- C) Avaliación da malignidade do derrame pleural.
- D) Diagnóstico de pneumonía pleural.

18. Cal é o mecanismo de acción dos aminoglicósidos?

- A) Interfíren na síntese proteica nos ribosomas
- B) Interfíren na produción de peptidoglicano
- C) Destrúen o ADN bacteriano
- D) Bloquean o ARN bacteriano

19. A luz ultravioleta é invisible ao ollo humano polo que no microscopio de luz ultravioleta precisaremos:

- A) Un fluorocromo que se une ao elemento que queremos observar e que transforme a luz ultravioleta en luz visible
- B) Un filtro especial que transforme a luz ultravioleta en luz visible
- C) Un lente de cuarzo que transforme a luz ultravioleta en luz visible
- D) Un citocromo que se une ao elemento que queremos observar e que transforme a luz ultravioleta en luz visible

20. Cal dos seguintes fármacos se utiliza como antiepiléptico e require monitorización?

- A) Digoxina.
- B) Teofilina.
- C) Carbamazepina.
- D) Amiodarona.

21. Cal é o marcador inflamatorio de maior especificidade para infección bacteriana aguda?

- A) PCR.
- B) IL-6.
- C) Procalcitonina.
- D) Ferritina.

22. Unha reacción positiva para nitritos nunha tira reactiva de ouriños é indicativo de:

- A) Cetoacidose diabética
- B) Diabetes mellitus
- C) Infección urinaria
- D) Hematuria

23. En relación á hemacia ou eritrocito, sinale a resposta correcta:

- A) Os eritrocitos son elementos nucleados, de cor rosada e de forma redondeada ou oval, cunha depresión ou zona máis clara no centro.
- B) Ó cortalo transversalmente obsérvase que ten forma de disco bicóncavo, duns 4µm de espesor cun diámetro de 7µm.
- C) As características da súa coloración son debidas á riqueza e distribución hemoglobínica do seu interior, e o seu tamaño e forma.
- D) É o elemento máis inmaturo da eritropoiese.

24. Con que outro nome se coñece o factor Stuart–Prower?

- A) Factor V.
- B) Factor VII.
- C) Factor X.
- D) Factor XII.

25. Os bastóns de Auer achados nun frotis sanguíneo son característicos de:

- A) Leucemia linfoide aguda.
- B) Leucemia mieloide aguda.
- C) Trombopenia esencial.
- D) Leucemia mieloide crónica.

26. Factores que inflúen na velocidade de sedimentación globular (VSG):

- A) Os factores que inflúen son unicamente químicos.
- B) A VSG depende fundamentalmente das proteínas do plasma e algo menos dos elementos formes.
- C) Todo aumento das globulinas ou do fibrinóxeno plasmático, acelera notablemente a VSG, o que ocorre na maioría das infeccións.
- D) B e C son correctas.

27. Se nunha preparación tinguida cunha tinguidura de Gram observamos cocos de cor azul, dispostos en tétradas, será indicativo de:

- A) Presenza de Staphylococcus aureus.
- B) Presenza de Streptococcus sp.
- C) Presenza de Micrococcus.
- D) Ningunha das anteriores é certa.

28. Segundo a clasificación de Runyon, que micobacteria entraría na clasificación de crecemento lento e non cromóxena?

- A) Mycobacterium kansasii
- B) Mycobacterium gordonae
- C) Mycobacterium avium
- D) Mycobacterium fortuitum

29. Segundo a normativa da Consellería de Sanidade en relación coa clasificación dos residuos xerados na actividade sanitaria. Como clasificaría o residuo que xera cando sementa ouriños en ágar sangue e ten que descartar dita placa con crecemento positivo?

- A) Residuo sanitario, non perigoso, clase II.
- B) Residuo sanitario, non perigoso, clase III.
- C) Residuo sanitario, perigoso, clase III.
- D) Residuo sanitario, perigoso, clase IV.

30. Situacións nas que está indicado o uso de hemacias lavadas. Indique a resposta correcta:

- A) Anemia e alerxia a proteínas plasmáticas.
- B) Transfusións neonatais ou intrauterinas.
- C) Profilaxe en pacientes que experimentaron reacción transfusional febril non hemolítica.
- D) Todas son correctas.

31. Cal destas micobacterias non se pode cultivar en medios artificiais?

- A) Mycobacterium bovis
- B) Mycobacterium leprae
- C) Mycobacterium fortuitum
- D) Mycobacterium kansasii

32. Dentro do Sistema Lewis, sinala a opción correcta referente aos anticorpos anti-Lewis:

- A) Son anticorpos naturais de tipo IgM pero irregulares, que só son activos a 22°C e por tanto non adoitan ser perigosos na transfusión sanguínea.
- B) Poden ser anti-Lea ou anti-Lec.
- C) O anti-Lea é un anticorpo natural pouco común no soro das persoas.
- D) Todas as respostas son falsas.

33. Que volume de ouriños define a anuria?

- A) Menos de 400mL/24h
- B) Menos de 600mL/24h
- C) Menos de 100mL/24h
- D) Menos de 900mL/24h

34. Que marcador tumoral utilizaríamos no cancro medular de tiroide?

- A) Calcitonina.
- B) Tiroglobulina.
- C) PSA.
- D) SCC.

35. Sobre o sistema do antígeno leucocitario humano (HLA), seleccione a resposta incorrecta:

- A) É un compoñente importante do sistema inmunitario e está controlado por xenes localizados no cromosoma 5.
- B) Codifica moléculas de superficie celular especializadas para presentar péptidos antixénicos ao receptor de linfocito T (TCR) nos linfocitos T.
- C) As moléculas de MHC que presentan ao antígeno, divídense en dúas clases principais: moléculas de CMH de clase I e moléculas de CMH de clase II.
- D) As moléculas do CMH de clase I están presentes como glucoproteínas de transmembrana na superficie de todas as células nucleadas.

36. Que tempo se recomenda esperar antes de centrifugar unha mostra de sangue sen anticoagulante, para evitar a interferencia de fibrina?

- A) 5-10 minutos.
- B) 10-15 minutos.
- C) 20-30 minutos.
- D) 40-50 minutos.

37. Cales son os microorganismos que causan o maior número de infeccións do tracto urinario nosocomial?

- A) Cocos Gram Negativos.
- B) Cocos Gram Positivos.
- C) Bacilos Gram Negativos.
- D) Bacilos Aerobios Gram Positivos.

38. Sinale a resposta FALSA na relación á conservación de sangue:

- A) O conservante máis utilizado é o CPD-SAG-Manitol.
- B) Debe conservarse nas condicións e á temperatura adecuada ata o seu fraccionamento e posterior almacenaxe.
- C) Recóllese e conserva directamente en bolsas de plástico estériles acondicionadas.
- D) Outros conservantes utilizados son: ACD, CPD+EDTA e CPD+Heparina.

39. O *Cryptococcus neoformans* é:

- A) Ureasa positivo.
- B) Redución de nitratos a nitritos positivo.
- C) É un fermento.
- D) Todas son certas.

40. Existe un "screening" que se lles realiza ás embarazadas para previr a sepsis neonatal causada por un microorganismo. Que mostra se toma para o "screening", en que medio se sementa e que bacteria se busca?

- A) Frotis vaxino-rectal, medio Granada, *Streptococcus pyogenes*.
- B) Frotis endocervical, medio Granada, *Streptococcus agalactiae*.
- C) Frotis vaxinal, medio Thayer-Martin, *Neisseria gonorrhoeae*.
- D) Frotis vaxino-rectal, medio Granada, *Streptococcus agalactiae*.

41. O estafilococo aureus posúe unha ampla variedade de estruturas, enzimas e toxinas que lle proporcionan virulencia durante unha infección. Cales de elas facilitanlle a diseminación a través do corpo?

- A) Coagulasa e hialuronidasa
- B) Beta-lactamasa, toxinas exfoliativas A e B
- C) Cápsula, proteína A, formación de acios
- D) Enterotoxinas e DNAsas

42. Cal dos seguintes medios se usa para o cultivo de Micobacterias?

- A) Medio Lowestein-Jensen.
- B) Ágar Saboraud.
- C) Ágar Thayer Martin.
- D) New York City Ágar.

43. Alteracións dos monocitos. Sinale a resposta incorrecta:

- A) As alteracións exclusivamente dos monocitos son infrecuentes e denomínanse histiocitose.
- B) Estes trastornos poden ser hereditarios, inflamatorios, neoplásicos, ou poden deberse a un almacenamento esaxerado de macromoléculas.
- C) Os trastornos hereditarios que afectan aos leucocitos non provocan unha función monocítica deteriorada.
- D) Certas enfermidades adquiridas que afectan á hematopoeise provocan unha depresión severa dos monocitos sanguíneos.

44. Nunha contorna acreditada, que documento regula a calidade das probas POCT?

- A) ISO 15190.
- B) ISO 9001.
- C) ISO 22870.
- D) ISO 13485.

45. A causa máis frecuente dun aumento dos leucocitos ou glóbulos brancos:

- A) Certos medicamentos, como os corticoesteroides.
- B) Cancros de medula ósea.
- C) A resposta normal do corpo a unha infección.
- D) Liberación de glóbulos brancos inmaturos ou anormais da medula ósea ao sangue.

46. Que proteína producida no fígado é principalmente responsable da presión oncótica no interior do plasma sanguíneo?

- A) Fibrinóxeno
- B) Albúmina
- C) Proteína C reactiva
- D) Inmunoglobulinas

47. Cal das seguintes é unha tinguidura para os corpúsculos metacromáticos?

- A) Tinguidura de Albert.
- B) Tinguidura de Tribondeau.
- C) Tinguidura de Hiss.
- D) Tinguidura de Moller.

48. Seleccione a resposta correcta en relación ao ferro:

- A) O ferro unicamente intervéñe no transporte de osíxeno (hemoglobina) e electróns (citocromos).
- B) O ser humano é capaz de eliminar o exceso de ferro, impedindo o seu acúmulo e evitando lesións en tecidos vitais como o corazón, páncreas e tecido hepático.
- C) A falta de ferro constitúe un trastorno máis frecuente que a sobrecarga, e sobrevén como consecuencia do esgotamento dos depósitos (ferropenia), un bloqueo dos depósitos (inflamación crónica), defectos da síntese de globina (talasemias) e defectos na síntese do grupo hemo (sideroacresia).
- D) A e C son correctas.

49. En que consiste fenotipar hemacias?

- A) Identificar os antíxenos que esas hemacias expresan na súa superficie.
- B) Coñecer os anticorpos que existen en soro fronte as hemacias.
- C) Enfrontar as hemacias con antisoros a diversos antíxenos eritrocitarios.
- D) A e C son correctas.

50. En relación á antiseptia, diga a frase correcta:

- A) Os biocidas desinfectantes usarémolos para a antiseptia de obxectos, superficies ou ambiente.
- B) Os biocidas antisépticos usarémolos para a antiseptia de obxectos, superficies ou ambiente.
- C) Os biocidas desinfectantes usarémolos para a antiseptia da pel humana.
- D) Os biocidas non poden ser desinfectantes nin antisépticos.

51. Que é unha aférese?

- A) Extracción de sangue total para doazón.
- B) Extracción de sangue, separación dos seus compoñentes, retendo as partes que se necesitan e devolvendo o resto ao paciente.
- C) Extracción de sangue, separación dos seus compoñentes, utilización das partes que se necesitan refugando o resto.
- D) Extracción de plaquetas.

52. Cal é a función principal da bile a nivel dixestivo?

- A) Dixerir os amidóns
- B) Dixerir as proteínas
- C) Emulsionar as graxas
- D) Todas son correctas

53. Cal é o serotipo máis común da Escherichia coli enterohemorráxica?

- A) O197:H5
- B) O157:H7
- C) H167:O9
- D) H719:O5

54. En relación ao Sistema do Complemento, seleccionar a resposta correcta:

- A) O Sistema do Complemento está composto por máis de 30 proteínas que actúan en secuencia.
- B) Esta secuencia denomínase "ferenza do complemento".
- C) As proteínas do complemento teñen varias funcións, tanto na inmunidade adquirida como na innata.
- D) Todas as respostas son correctas.

55. Nun antibiograma tipo Bauer–Kirby (disco–placa), o diámetro do halo de inhibición de cada disco de antibiótico:

- A) É inversamente proporcional á sensibilidade ao antibiótico
- B) Non nos da información respecto á sensibilidade ao antibiótico
- C) É directamente proporcional á sensibilidade ao antibiótico
- D) É directamente proporcional á resistencia ao antibiótico

56. Diga a resposta correcta con respecto ao VIH:

- A) O xene env do xenoma do VIH codifica a proteína de membrana gp120.
- B) O xene env non pertence ao xenoma do VIH.
- C) O xene gag do xenoma do VIH codifica a proteína da membrana gp120.
- D) O xene pol do xenoma do VIH codifica a proteína da membrana gp120.

57. Cal destas sustancias é un fluorocromo usado en microscopía de fluorescencia?

- A) Azul de lactofenol
- B) Branco de calcoflúor
- C) Verde malaquita
- D) Fucsina fenicada

58. Que medio de cultivo non é o indicado para o estudo de microorganismos anaerobios?

- A) Ágar de Schaedler.
- B) Ágar feniletanol.
- C) Ágar Bacteroides bile–esculina.
- D) Todos o son.

59. As bacterias, que son capaces de obter materia orgánica a partir da materia inorgánica que atopan no medio no que estean, denomínanse:

- A) Bacterias sintetizadoras.
- B) Autótrofas.
- C) Heterótrofas.
- D) Móviles.

60. Cal é a temperatura óptima para o crecemento das bacterias do xénero *Campylobacter*?

- A) Arredor dos 35°C
- B) Arredor dos 25°C
- C) Arredor dos 42°C
- D) Arredor dos 37°C

61. Cal das seguintes opcións se corresponde con 2 métodos de investigación cualitativos?

- A) Enquisas e estudo lonxitudinal.
- B) Grupos focais e estudo transversal.
- C) Estudo de caso e análise de textos.
- D) Método de observación e investigación correlacional.

62. Respecto ás reaccións de precipitación e aglutinación, sinale a resposta correcta:

- A) A precipitación implica combinar antíxeno soluble con anticorpo soluble para producir complexos insolubles que son visibles.
- B) A aglutinación é o proceso polo cal os antíxenos particulados, como as células, se agregan para formar complexos máis grandes cando está presente un anticorpo específico.
- C) Na precipitación e aglutinación necesítase un marcador para detectar a reacción.
- D) A e B son correctas.

63. Indica a afirmación correcta sobre as isoenzimas:

- A) Son formas diferentes dunha mesma enzima, que teñen a mesma estrutura e función.
- B) Posúen unha estrutura distinta á enzima orixinal, pero realizan a mesma función catalítica.
- C) Compóñense dunha apoenzima e un cofactor, formando unha unidade funcional activa.
- D) Teñen a mesma localización nos órganos do corpo.

64. Á hora de clasificar un virus temos en conta:

- A) O tipo de ácido nucleico que contén.
- B) Se ten ou non ten envolturas.
- C) O tipo de célula á que parasita.
- D) Todas as respostas anteriores son certas.

65. O principio inmunolóxico no que se basean a maioría dos test rápidos de diagnóstico de infeccións respiratorias como COVID-19, VRS e influenza, é:

- A) Espectrofotometría de absorción.
- B) Reacción en cadea da polimerasa PCR.
- C) Inmunocromatografía.
- D) Aglutinación cruzada.

66. Cal destes marcadores tumorais presenta a maior variabilidade en sensibilidade e especificidade segundo o tipo de cancro e contexto clínico?

- A) Beta-HCG.
- B) Calcitonina.
- C) CEA.
- D) Tiroglobulina.

67. As feces de cor negro e alcatranado denomínanse:

- A) Melanorrea
- B) Melena
- C) Hipercolia
- D) Melanocolia

68. O proceso de destrución e eliminación de todas as formas de vida microbiana, incluídas as esporas, xa sexa mediante métodos físicos ou químicos chámase:

- A) Desinfección.
- B) Limpeza.
- C) Esterilización.
- D) Descontaminación.

69. Que concepto corresponde á relación entre a luz incidente e a luz transmitida?

- A) A transmitancia.
- B) A absorbancia.
- C) A intensidade.
- D) A luminancia.

70. Cal é a bacteria máis común nas infeccións do tracto urinario?

- A) Escherichia coli
- B) Staphylococcus aureus
- C) Proteus mirabilis
- D) Pseudomonas aeruginosa

71. Cal destes exemplos non é un mecanismo de resistencia bacteriana aos antibióticos?

- A) Bomba de expulsión do antibiótico
- B) Modificación da diana do antibiótico
- C) Produción de enzimas contra do antibiótico
- D) Hibridación do antibiótico

72. Sinale que apolipoproteína predomina no LDL:

- A) Apolipoproteína B100.
- B) Apolipoproteína B48.
- C) Apolipoproteína A-II.
- D) Apolipoproteína A-I.

73. As infeccións fúnxicas adoitan ocorrer por:

- A) Contaxio dun animal a unha persoa.
- B) Inhalación de esporas ou pola introdución debido a unha ferida ou trauma.
- C) Contaxio de persoa – persoa.
- D) Os fungos son moi difíciles de contaxiar.

74. Se imos facer un estudo para determinar se unha nova proba diagnóstica é válida e fiable, cal será o deseño óptimo deste estudo?

- A) Estudo transversal.
- B) Ensaio clínico controlado e aleatorio.
- C) Estudo de cohortes lonxitudinais.
- D) Estudo de series de casos.

75. Cales son as dúas vías polas cales recibe sangue o fígado?

- A) Veia porta e veia cava inferior
- B) Arterias hepáticas e veia cava inferior
- C) Arterias hepáticas e veia porta
- D) Arterias hepáticas e arteria mesentérica

76. Nas determinacións enzimáticas, por que deben evitarse os axentes quelantes nas mostras?

- A) Interfíren cos reactivos cromóxenos do sistema analítico.
- B) Degradan as enzimas presentes na mostra biolóxica.
- C) Secuestran ións esenciais para a actividade enzimática.
- D) Inducen hemólises e alteran a concentración de proteínas totais.

77. Que enzimas se elevan máis notablemente na colelitiase?

- A) GGT e bilirrubina directa
- B) AST (GOT) e ALT (GPT)
- C) Fosfatasa alcalina e AST (GOT)
- D) Bilirrubina indirecta e GGT

78. Que parámetro nos indica a presión parcial de osíxeno en presenza da cal a hemoglobina se atopa saturada ao 50%?

- A) pO_2 .
- B) $p50$.
- C) $pHb50$.
- D) $SatO_2$.

79. O *Streptococcus pneumoniae* presenta:

- A) Alfa hemólise.
- B) Beta hemólise.
- C) Non presenta hemólise.
- D) Obsérvase como CGP dispostos en acios.

80. Cales de estas características definen á especie bacteriana *Pseudomonas aeruginosa*?

- A) Bacilo gram-negativo, oxidasa negativa, aerobiose estricte, móbil, catalasa positiva.
- B) Bacilo gram-negativo, oxidasa positiva, aerobiose estricte, inmóbil, catalasa negativa.
- C) Bacilo gram-negativo, oxidasa positiva, aerobiose estricte, móbil, catalasa positiva.
- D) Bacilo gram-positivo, oxidasa positiva, anaerobiose estricte, móbil, catalasa negativa.

81. A xestión de calidade emprega como ferramenta de mellora continua o ciclo de Deming, que consta das seguintes etapas:

- A) Planificar, avaliar, previr e controlar.
- B) Planificar, facer, verificar e actuar.
- C) Planificar, mellorar, avaliar e actuar.
- D) Previr, facer, mellorar e controlar.

82. A tinción seguindo o método Dorner úsase para tinguir e observar:

- A) Cápsulas.
- B) Flaxelos.
- C) Esporas.
- D) Núcleo bacteriano.

83. O descolorante na tinguadura de Ziehl-Neelsen é:

- A) Acetona.
- B) Alcol de 96.
- C) Ácido Clorhídrico.
- D) Alcol-Ácido.

84. En relación á adhesión plaquetaria:

- A) As principais proteínas adhesivas involucradas na hemostasia primaria son o factor de Von Willebrand, o coláxeno subendotelial e o fibrinóxeno.
- B) As plaquetas tamén se poden adherir a outros substratos, como a fibrina e o material aterosclerótico.
- C) O mecanismo de adhesión é altamente dependente do fluxo sanguíneo.
- D) Todas son correctas.

85. Cal das seguintes substancias diminúe na súa concentración sérica debido á hemólise?

- A) Potasio.
- B) Haptoglobina.
- C) Fósforo.
- D) Fosfatasa ácida.

86. O medio de mantemento e o medio de crecemento das células para o cultivo de virus diferéncianse en:

- A) Non existen diferenzas, é o mesmo medio.
- B) O medio de crecemento é máis rico en soro que o medio de mantemento.
- C) O medio de mantemento non leva soro.
- D) O medio de crecemento leva sangue total e o medio de mantemento non.

87. Aplicacións da citometría de fluxo:

- A) Facilita o diagnóstico ou seguimento de patoloxías como leucemia e linfoma.
- B) Cos citómetros pódense analizar e identificar diferentes poboacións de células ou partículas en función do seu tamaño, forma e propiedades antixénicas.
- C) Non permite a detección de diversas mutacións xenéticas de varias enfermidades, como a fibrose quística.
- D) A e B son correctas.

88. Sobre as alteracións morfolóxicas das plaquetas, sinala a correcta:

- A) Megatrombocitose: presenza en sangue de plaquetas nun tamaño moito maior ao normal.
- B) Microtrombocitose: presenza en sangue periférica de microcariocitos granulares.
- C) Anisocitose: plaquetas de igual tamaño nunha mesma mostra.
- D) Todas son correctas.

89. Se o tempo de protrombina está prolongado, que factor de coagulación podería estar deficiente?

- A) Factor V.
- B) Factor VIII.
- C) Factor IX.
- D) Factor VII.

90. O medio de cultivo máis empregado habitualmente para fungos é:

- A) Ágar Schadler.
- B) Ágar Sabouraud.
- C) Ágar Muller Hinton.
- D) Ágar Capman.

91. Que antimicrobianos se usan habitualmente como suplemento en medios selectivos para microorganismos Gram-positivos?

- A) Vancomicina e kanamicina
- B) Colistina e ácido nalidíxico
- C) Cristal violeta e vancomicina
- D) Neomicina e penicilina

92. Respecto á apoptose, sinala a opción correcta:

- A) É un proceso reservado unicamente á célula madura, danada ou antiga.
- B) Mantén a homeostase da poboación das células en división, mediante a extracción dunha célula morta por cada nova célula producida por mitose.
- C) Durante a apoptose o DNA nuclear non se fragmenta.
- D) Na apoptose prodúcese a rotura da membrana citoplasmática.

93. Que proba NON se emprega para avaliar trastornos de hipercoagulabilidade?

- A) Anticoagulante lúpico.
- B) Tempo de protrombina.
- C) Mutación do factor V Leiden.
- D) Niveis de antitrombina III.

94. Sobre o Sistema ABO sinala a opción correcta:

- A) Os antíxenos A e B ademais de estar presentes nas hemacias, podemos atopalos en linfocitos, en plaquetas (adsorbidos do plasma), na maioría de tecidos endoteliais e epiteliais e nalgúns órganos coma os riles.
- B) Foi descuberto por Landsteiner en 1880.
- C) Os antíxenos do sistema ABO están compostos por azucres que forman parte da membrana dos eritocitos, unidos a un componente chamado ceramida.
- D) A e C son correctas.

95. A capacidade de produción de carbapenemasas nunha cepa bacteriana pódese detectar mediante:

- A) Técnica PCR (Reacción en Cadea da Polimerasa)
- B) Inmunocromatografía
- C) Test de Hodge modificado
- D) Todas son correctas

96. Cal é unha consecuencia directa dunha centrifugación inadecuada nunha mostra con anticoagulante?

- A) Persistencia de plaquetas no plasma.
- B) Aumento da viscosidade plasmática por agregación celular.
- C) Aumento do volume plasmático por redistribución de líquidos celulares.
- D) Redución da concentración de proteínas plasmáticas por precipitación.

97. Con respecto á proteína p-24 do VIH:

- A) É a principal proteína da súa envoltura.
- B) É a principal proteína da cápside.
- C) É a responsable da unión do virus aos receptores CD4.
- D) O VIH non ten proteína p-24.

98. A antitrombina III:

- A) Inhibe a trombina e os factores activados IX, X, XI e XII.
- B) Activa a coagulación ao potenciar a acción da trombina.
- C) Só actúa na fase final da ferverza de coagulación.
- D) A súa acción non se ve afectada pola heparina.

99. Que é a calprotectina fecal?

- A) Un biomarcador da inflamación intestinal
- B) Unha enzima dixestiva
- C) Unha toxina producida por Clostridium
- D) É o marcador de referencia para o cancro colorrectal

100. Compatibilidade eritrocitaria entre doador e receptor. Seleccione a resposta incorrecta:

- A) Se transfundimos sangue incompatible a un individuo, o seu sistema inmune reaccionará fronte a ela, producindo reaccións postransfusionais que poden poñer en perigo a vida do paciente.
- B) A compatibilidade eritrocitaria entre doador e receptor depende do grupo sanguíneo e non do factor Rh.
- C) Un doante grupo A: pode doar sangue a un receptor A e AB, e recibe dun doante A e O.
- D) Un doante grupo B: pode doar sangue a un receptor B e AB, e recibe dun doante B e O.

1. En relación á incompatibilidade feto–materna do sistema Rh, sinale a resposta FALSA:

- A) Pode ocorrer cando o feto é Rh negativo e a nai é Rh positivo.
- B) Pode ocorrer cando o feto é Rh positivo e a nai é Rh negativo.
- C) A sensibilización pode deberse a un embarazo anterior.
- D) Os anticorpos Rh maternos atravesan a placenta, provocando a lise das hemacias fetais.

2. O Método de esterilización por calor húmida:

- A) É máis eficaz que a esterilización por calor seca.
- B) Este método destrúe os microorganismos pola coagulación das súas proteínas celulares.
- C) A tindalización e a pasteurización son dous métodos de esterilización por calor húmida.
- D) Todas son correctas.

3. Indique a resposta correcta en relación aos linfocitos B:

- A) Células do noso sistema inmunolóxico, que son esenciais na resposta inmunitaria humoral.
- B) Son a primeira liña de defensa contra patóxenos extracelulares.
- C) Producen anticorpos específicos.
- D) Todas son correctas.

4. A aparición de cristais no sedimento urinario é por mor de:

- A) O pH urinario
- B) A composición dos ouriños
- C) Algunhas infeccións bacterianas do tracto urinario
- D) Todas son correctas

5. Sinale a resposta correcta en relación á anemia de células falciformes (Anemia drepanocítica):

- A) Presenza de glóbulos vermellos en forma de fouce (media lúa) e anemia crónica.
- B) É unha anomalía xenética hereditaria da hemoglobina.
- C) Podemos observar un número elevado de hemacias espiculadas con proxeccións de lonxitude e posición variable.
- D) A e B son correctas.

6. Cefalosporinas, carbapenems e monobactámicos pertencen á clase dos antibióticos:

- A) Macrólidos
- B) Beta–lactámicos
- C) Aminoglucósidos
- D) Fluoroquinolonas

7. Na hipercolesterolemia familiar, obsérvase:

- A) Elevación de quilomicróns.
- B) Alteración no receptor LDL.
- C) Deficiencia na actividade lipoproteína–lipasa.
- D) Ausencia da proteína transportadora de triglicéridos.

8. Cal é o mecanismo de acción dos anticoagulantes cumarínicos como o acenocumarol ou a warfarina?

- A) Activación da vitamina K.
- B) Inhibición da vitamina K.
- C) Estimulación da agregación plaquetaria.
- D) Diminución da fibronólise.

9. Que característica ideal se busca nun marcador tumoral?

- A) Alta sensibilidade e baixa especificidade.
- B) Baixa sensibilidade e alta especificidade.
- C) Alta sensibilidade e especificidade.
- D) Baixa sensibilidade e especificidade.

10. As mostras recollidas para o estudo de virus:

- A) Deben de recollese e se non se poden procesar no momento conservaranse en estufa a 37°C.
- B) Débeselle engadir formol e meter en neveira.
- C) Se non se poden procesar no momento conservaranse na neveira a 4°C.
- D) As mostras para o cultivo de virus teñen que procesarse no momento, non se poden almacenar e gardar para o seu posterior procesamento.